

BASES SORTEO CAMPAÑA: DESCUBRE OZA-CESURAS (Primavera 2022)

Estas bases deberán estar expostas nun lugar visible do establecemento co material publicitario deseñado para tal efecto como carteis, bases, urna, etc...

1. REPARTO DAS RIFAS

- a. ASOCE facilitará a todos os comercios participantes as **urnas precitandas e as rifas a cubrir**.
- b. O **reparto** de rifas levarase a cabo entre os días **1 e 31 de Maio de 2022** (ambos incluídos), entregando a cada cliente unha rifa por compra ou consumición (cada socio decide as condicións máis adaptadas ó seu comercio ou negocio)
- c. Cada **rifa** deberá ser **selada ou firmada polo establecemento** e o cliente debe cubrir con **nome, apelidos e teléfono**, todo **lexible**.
- d. **Se unha rifa non está debidamente selada/firmada e cuberta será anulada.**
- e. Os participantes terán que ser **maiores de idade**. En caso contrario, os seus pais ou responsables legais terán que firmar no seu nome á recollida do premio.
- f. **Cada socio devolverá a súa urna** co contido sen manipular entre os días **1 e 6 de Xuño de 2022**.
- g. O **incumplimento** de todas ou alguna das normas anteriormente expostas supoñerá expulsión directa do sorteo.
- h. O incumplimento de todas ou alguna das normas anteriormente expostas será motivo suficiente para non participar en próximos eventos a modo de sanción.

2. PREMIOS e CONDICIÓN

- a. Sortearanse un total de **14 tarxetas-experiencias**, as cales levarán asignadas unha numeración, unha descrición de servizos e/ou produtos e un valor máximo determinado.
- b. **Condicións xerais:**
 - i. Plazo para reclamar o premio: **15 de Xuño de 2022 - 14 de Xullo de 2022** (sen prexuízo de acordar co/s comercio/s correspondente/s unha data posterior para a prestación do servizo ou uso da tarxeta **non máis aló do 30 de setembro de 2022***)
* Excepción: tarxeta nº 6. Data prorrogable por un ano para adaptarse á data de aniversario do cativo seleccionado.
 - ii. Cada tarxeta-experiencia poderá ser transferida a outra/s persoa/s de elección do/a beneficiario/a, previa comunicación por parte deste/a último/a ó/s comercio/s implicado/s.
 - iii. **En ningún caso se poderá reclamar o valor das tarxetas en efectivo.**
- c. **Descrición, valor e condicións específicas** de cada tarxeta: ver documento anexo.

3. SORTEO

- a. O **sorteo** realizarase no **local de ASOCE** (lugar Castiñeiro, baixo 2. Oza-Cesuras) o **xoves 9 de Xuño de 2022, ás 20.30h**
- b. Será realizado polo **Sr. Manuel Álvarez Alonso**, Xuíz de Paz do Concello de Oza-Cesuras.
- c. Procedemento:
 - i. **Desprecintaranse e abriranse todas as caixas**, para meter todas as rifas nunha **única urna**.
 - ii. O **Xuíz de Paz** sacará, en primeiro lugar, un total de **14 rifas gañadoras**, adxudicando as tarxetas-experiencias no mesmo orde no que éstas están numeradas (ver documento anexo).
 - iii. A continuación, tamén o **Xuíz de Paz** sacará **outras 14 rifas**. Co mesmo orde, quedarán como **suplentes** dos premiados.

4. ENTREGA DE PREMIOS

- a. Os **premiados** serán contactados telefónicamente ó día seguinte do sorte e terán **24 horas para aceptar** o premio. En caso de que **pasado ese prazo** non se logre contactar co gañador, contactarse co **suplente** do premio correspondente, que terá o mesmo prazo de 24 horas para aceptalo.
- b. Os premiados, ou (previo aviso) unha persoa que os represente, deberán acudir á entrega de premios, que se realizará o **martes 14 de Xuño de 2022, ás 20.30 horas** no mesmo local de Asoce (ver dirección no apartado 3).
- c. Os premiados están obrigados a firmar **autorización para o tratamento de datos** e a **cesión de imaxes** acorde á Ley Orgánica de protección de datos antes da entrega, posto que nese momento serán tomadas fotografías para publicar no sitio web de ASOCE e en redes sociais.

Esta directiva queda a disposición dos socios y de todos os clientes dos noso socios para resolver calquera dúbida respecto á mecánica do sorteo, así como para solventar calquera problemática que poida xurdir ou erros que poidamos ter cometido.

Sorte a todos.

Fdo.

Presidente: Marcos García

Vicepresidente: Jacobo Martínez

Tesoureiro: Miguel Ángel Rodríguez

Secretaria: Cristina Suárez